

Definicións: O espazo urbano

-Área suburbana: Territorio próximo ás cidades que polas súas características constitúe unha zona de transición entre o núcleo urbano propiamente e o espazo rural adxacente.

Exemplos deste tipo de zonas serían barrios residenciais, das Fontiñas, de Vite ou de San Lázaro en Santiago; tamén Teis, Coia ou Alcabre en Vigo; Elviña en A Coruña

-Área metropolitana: Unha área ou zona metropolitana é unha rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome á área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo iso organizado dun xeito centralizado. Tamén se lle coñece como rede urbana.

En Galicia: Oleiros, Cambre, Culleredo, Arteixo, para a área de A Coruña. Nigrán, Redondela... para a área de Vigo. Badolona, Hospitalet, Castelldefels... para a área de Barcelona.

-Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU): Instrumento de ordenación integral do territorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación, etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. Soe ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). No noso país algúns PXOM, son avaliados detidamente pola Xunta pois moitas veces non respectan a lexislación.

-Xentrificación: O aburguesamento, ou xentrificación é un proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés "gentrification". A xentrificación comeza cando un grupo de persoas de certo nivel económico descubren un barrio que, a pesar de estar degradado e descapitalizado, ofrece unha boa relación entre a calidade e o prezo e deciden instalarse nel. Estes barrios adoitan estar situados preto do centro da cidade ou contar con determinadas vantaxes, como estar situados preto de polos de emprego, etc.

Exemplo disto son a rehabilitación dos zonas antigas de varias cidades galegas como Santiago e Pontevedra, que ata os anos 90 parecían zonas pouco atractivas para vivir e en moitos casos marxinais, e agora elevaron o prezo e o ambiente é de clase media e intelectualidade. Tamén algún barrio madrileño como Chueca ou Malasaña.